



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfons: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es



I CARREIRA PEDESTRE POPULAR **CONCELLO DE FRADES 2014**

O Concello de Frades celebra a súa I Carreira Pedestre Popular o domingo 18 de maio na localidade de Ponte Carreira (estrada Ordes-Ponte Carreira LC-2241) que se disputará na proba absoluta sobre unha distancia de 7.7 km.

REGULAMENTO

1- Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación. O control da carreira estará a cargo do Comité Galego de Xuíces da Federación Gallega de Atletismo.

2- CATEGORIAS DOS PARTICIPANTES E HORARIO DAS PROBAS

O percorrido da carreira será dunha distancia de 7.7 km en ruta (2 km por pistas de concentración, asfalto-terra). A SAÍDA DA CHEGADA ESTARÁ SITUADA NA PRAZA PÚBLICA DE PONTE CARREIRA.

HORA	CATEGORIA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIAS
10:30 h	Pitufu	Nados en 2010 e posteriores	300 m aprox (1 Volta á praza)
10:40 h	Prebenxamín	Nados en 2007-2008-2009	500 m aprox
10:50 h	Benxamín	2005-2006	800 m aprox
11:00 h	Alevín	2003-2004	800 m aprox
11:15 h	Infantil e Cadete Femenino	2001-2002 (Inf) e 1999-2000 (Cad fmno)	2000 m aprox
11:35 h	Cadete masculino e xuvenil	1999-2000 (cad masc) e 1997-1998 (xuv)	2700 m aprox
12:05 h	Junior-Promesa	Nados en 1992-1993-1994-1995-1996	7700 m aprox
12:05 h	Senior	Nados entre 1991 e 1980	7700 m aprox
12:05 h	Veterano A masculino	Nados entre 1969 e 1979	7700 m aprox
12:05 h	Veterano B masculino	Nados entre 1959 e 1968	7700 m aprox
12:05 h	Veterano C masculino	Nados no 1958 e anteriores	7700 m aprox
12:05 h	Veterana D feminino	Nados entre 1969 e 1979	7700 m aprox
12:05 h	Veterana E feminino	Nados no 1968 e anteriores	7700 m aprox
ENTREGA DE PREMIOS			



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es



4- INSCRICIÓN

***PROBAS ESCOLARES (pitufos, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil)**

Realizaráse a través do formulario online presente nas páxinas web www.carreirasgalegas.com, www.fgatletismo.es/santiago e www.atletismogalego.org. Deberán rellenas os datos requiridos no formulario online: nome e apelidos, data de nacemento completa, localidade de procedencia, club e nº de licenza federativa ou seguro escolar (se o ten), teléfono de contacto ou correo electrónico. A inscrición para as categorías escolares serán gratuítas.

***CATEGORÍAS ADULTOS (junior-promesa, senior e veteranos)**

As inscricións realizaráse a través da web www.emesports.es.

PREZOS DA INSCRICIÓN:

- CATEGORÍAS ESCOLARES:	GRATUITA
- ADULTOS (De junior-promesa ata veteranos):	4,00 €

Os atletas locais deberán indicalo cubrindo a casilla correspondente no momento da inscrición. Os atletas da proba absoluta correrán con un CHIP que lles será entregado na SECRETARÍA no momento de recoller o dorsal; unha vez cruzen a liña de meta deberán entregalo de xeito obrigatorio nuns recipientes habilitados para tal efecto.

***INSCRICIÓN POR CLUBES FEDERADOS**

Os clubs que desexen optar aos premios en metálico deberán formalizar a inscrición individual de cada atleta na web www.emesports.es e remitir un correo electrónico a dirección lino.espineira@frades.dicoruna.es cos datos do clube xunto co listado de atletas que participarán na proba selado pola Federación Gallega de Atletismo ou Delegación correspondente no seu defecto. SEN ESTE CORREO ELECTRÓNICO NON PODERÁN OPTAR OS PREMIOS POR CLUBES. Na clasificación por clubs poderán entrar os atletas das categorías JUNIOR-PROMESA-SENIOR E VETERÁNS.

Admitiranse inscricións ata o **xoves 14 de maio ás 14:00 horas**. NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO. Os dorsais recolleranse na Secretaría da Competición sita na praza Pública de Ponte Carreira ata media hora antes do inicio de cada proba. O dorsal deberá levarse en todo momento e durante o transcurso da proba colocado de forma visible na zona anterior do corpo.

Para calquera información adicional poderán chamar ó teléfono 600 852 222 (Lino).



Concello de *FRADES*

Cimadevila, 10

15686.- *FRADES* (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es



5- Haberá servizo de vestiario e duchas a disposición de tódolos atletas sito no pavillón municipal o carón do CPI de Ponte Carreira (a 700 metros da saída).

6- PREMIOS

- Haberá trofeos para os 3 primeiros clasificados de cada categoría (en mulleres e homes).
- Trofeo para as 3 primeiras mulleres e os 3 primeiros homes da carreira absoluta (JUNIOR-PROMESA-SENIOR e VETERANOS/AS).
- Trofeo o participante máis xoven e o máis veterano que logre concluir a proba polos seus propios medios e sen axudas externas.
- Trofeos para os 3 primeiros clasificados/as empadroados no Concello.
- Trofeos para os 3 primeiros equipos clasificados na clasificación final.
- Trofeo para o clube, entidade ou colexio que aporte máis participantes na proba.
- Entrega de camiseta técnica para tódolos participantes
- Medallas para tódolos participantes escolares (de pitufo a xuvenil).
- Os trofeos non serán acumulativos agás os correspondentes ós atletas locais.

Tamén haberá froita e bebida para tódolos participantes o finalizar a proba.

PREMIOS EN METÁLICO

(Só para a Carreira Absoluta: JUNIOR-PROMESA, SENIOR e VETERÁNS).

PREMIOS INDIVIDUAIS

1º Clasificado/a: 300 €

2º Clasificado/a: 200 €

3º Clasificado/a: 100 €

4º Clasificado/a: 75 €

5º Clasificado/a: 50 €

PREMIOS POR CLUBES

1º Equipo clasificado: 200 €

2º Equipo clasificado: 100 €

3º Equipo clasificado: 75 €

A clasificación por clubes será establecida a través dos 4 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 4º compoñente. Os equipos poderán ser mixtos. Para puntuar nesta clasificación é necesario que alo menos **8 corredores** do clube logren concluir a carreira.



Concello de *FRADES*

Cimadevila, 10

15686.- *FRADES* (A Coruña)

Teléfonos: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es



O abono dos premios en metálico realizarase ó concluír a entrega de premios, para o cal os gañadores dos mesmos deberán acreditar a súa identidade do DNI.

7- As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó Xuiz Árbitro da Competición (ou na secretaría de competición), non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

8- Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo cos regulamentos da FGA e RFEA para probas en ruta en vigor.

9- Tódolos participantes polo feito de inscribirse na proba, aceptan o presente regulamento. En caso de dúbida prevalecerá o criterio da organización, prohibindo a participación sin estar inscrito ou sin levar dorsal.